

Entidades culturais





FUNDACIÓN CIEC
Centro Internacional da Estampa
Contemporánea

*As paixóns son coma os ventos,
 que son necesarios para dar movemento a todo,
 aínda que ás veces sexan causa de furacáns.*

Bernard Fontenelle

Paixón pola arte gráfica e polos artistas. Predilección pola Litografía, Serigrafía, Calcografía, Xilografía e as súas derivacións. Preferencia pola formación e a contemplación no campo da estampa. Precisión no proceso creativo. Pracer no encontro de matrices e papeis. Ponte entre profesorado e artistas en formación. Punto de encontro entre artistas e público. Isto é o que se sente na Fundación CIEC, nos cursos, Colección, talleres, exposicións, visitas guiadas e didácticas, encontros, conferencias, charlas, concertos, intercambios, asistencia a feiras ou o Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez, e recollemos nesta memoria 2022.

Afortunados de ser correspondidos coa mesma paixón dada a boa resposta ás actividades organizadas tanto nos talleres coma nas salas, e tamén ás propostas doutros centros, asociacións ou proxectos, o que implementa o patrimonio cul-

tural, artístico e humano deste centro. E tamén o material, do que destacar dous grandes xestos este ano: na Colección no mes de Marzo, coa entrega na Facultade de Belas Artes de Pontevedra de 26 gravados orixinais e matrices do artista e profesor José Roselló nun acto no que participaron Juan Fernando De Laiglesia, Decano, Javier Tudela, Vicedecano e Anne Heyvaert, Secretaria do Departamento de Debuxo, xunto a Jesús Núñez, Pedro Galilea e Francisco Díaz, Presidente, Vicepresidente e Secretario do CIEC, respectivamente, cumprindo así a vontade do artista falecido un mes antes. E outro nos talleres, coa doazón en Xullo dun tórculo profesional Reig da artista e antiga estudante Ruth Peche có que ela traballaba no seu estudo e do que dispoñen xa estudantes dos cursos e artistas residentes da Fundación.

Como plataforma de arte emerxente o CIEC continúa con cursos e talleres todo o ano sobre as diferentes técnicas aplicadas á estampa, apostando pola arte gráfica contemporánea dende Galicia. "GRÁFICA" é unha oferta estival de monográficos de dúas semanas que trouxo a Betanzos nesta XXXVIII edición a 65 participantes da Coruña, Albacete, Alicante, Badaxoz, Barcelona, Bilbao, Cáceres, León, Madrid, Pamplona, Se-



villa, Soria, Oviedo, Pontevedra, e tamén Florida e Irlanda. A ésta súmase o XVIII Máster da Obra Gráfica, nesta ocasión con cursos de dous meses sobre cada técnica a 43 novos estudantes, esta vez da A Coruña, Ávila, Alacante, Barcelona, Bilbao, Lugo, Madrid, Valencia, xunto a Arxentina, Chile, Francia e México, e ademáis dous estudantes en prácticas da Escola Ramón Falcón de Lugo, grazas aos convenios de colaboración con outros centros formativos.

Gráfica 2022. XXXVIII Cursos de Verán. Xullo e Agosto.

1. Materia e relieve na gráfica contemporánea. Prof. David Arteagoitia.
2. Pegadas de Luz e Tempo. Fotogravado. Prof. Fátima Conesa.
3. A forza da madeira. Prof. Omar Kessel.
4. Augaforte, Autatinta e Cor na Calcografía. Prof. Javier Jubera.
5. Litografía sobre prancha de aluminio. Valle Baranda.
6. Monográfico de Serigrafía. Prof. Mariano Durante.

Cursos Anuais. XVIII Máster da Obra Gráfica

Litografía. Xaneiro – Febreiro. Prof. Omar Kessel, María Gambín e Elena Carrasco.

Serigrafía. Marzo- Abril. Héctor Francesch, Mariano Durante, Manolo Silvestre, Alberto Marci.

Calcografía. Maio–Xuño. Tita Fraga, Ja-

vier Jubera, Fátima Conesa, David Arteagoitia, Iván Araújo.

Litografía. Outubro – Decembro. Omar Kessel, María Gambín, Elena Carrasco e Valle Baranda.

Outro alicerce da Fundación CIEC son as exposicións. A Colección CIEC conta con máis de tres mil estampas de recoñecidas/os autoras/es e de novos valores das que mostra unha selección nos dous andares da súa sede e que cambia cada ano coa intención de popularizar a arte gráfica contemporánea e artistas. Tralo parón pola pandemia este ano voltaron as exposicións temporais e as invitacións a artistas a mostrar as súas creacións gráficas, xa comezada o pasado ano coa colectiva “Sin Rumbo Fijo”, con máis de cen obras de México, República Dominicana, Italia, Polonia e República Checa ás que se sumaron outras de artistas e mestres do CIEC e estivo ata





Febreiro. “Gravados e cartazes” de Jesús Núñez comezou a tempada, cunha selección de obras dos anos 80 para teatro, exposicións, eventos culturais ou cursos no CIEC, e “Rojo de Cinabrio” de Fernando Damián Bravo foi a protagonista de Xuño a Agosto, con miniaturas de animais, paisaxes, obxectos ou retratos unidos pola mesma cor, o vermello típico dos selos chinos e un mesmo xeito de traballar a xilografía, cunha gubia en V. A itinerancia do Premio Internacional de Obra Gráfica Jesús Núñez 2021 da Deputación da Coruña tamén recalou na Fundación CIEC entre Xullo e Setembro, mostrando as 30 obras premiadas e seleccionadas capitaneadas polo primeiro premio “Drama no polígono” da galega María Mejjide, visitando cidades coma Arteixo, Sada, Pontedeume ou Rianxo, de Xullo a Decembro. Fora da súa sede tamén promove iniciativas expositivas, como foi a Colectiva de Estudiantes do CIEC no Edificio Antigo Arquivo Liceo en Xuño no que éstas/es se encargan da selección e montaxe como un dos traballos de remate do Máster, visita as da provincia cos estudantes dos cursos, ou os apoia nas mostras de seu, coma a de Daniel Muíños na Librería Biblos ou



a instalación de Sofi Vera no Albergue de Peregrinos betanceiro.

Formación e contemplación sérvennos tamén para chegar ao público máis novo en pos da cultura de base e popularizar obra gráfica e artistas. As visitas guiadas e didácticas mostran outros mundos coa historia do edificio, as técnicas e artistas que aquí traballan, nun lugar no que se vive a paixón pola creación, facendo de cada encontro cos estudantes de centros formativos, grupos, turistas, familias e público en xeral o comenzo dunha historia de amor ao gravado. IES coma o Rosalía Mera da Coruña, Sarria, Leixa de Ferrol, As Mariñas e Francisco Aguiar de Betanzos; Colexios coma o Vales Villamarín, Cruz do Sar de Bergondo e Sada y sus contornos ou a Escola True Spanish Experience de Cuenca fixeron una pequena estampa nos talleres acompañados dos artistas Carmen Rosende e Javier Jubera; e nas guiadas visitaron o CIEC a Asociación Club de Opinión de Pontecelo, Colexio Andaina da Coruña, APEM Betanzos, Universidade de Turismo, EMAO de Vigo, Xubilados de CCOO de Oviedo, Universidade Senior de Valladolid ou





as rutas de Turismo do Concello de Betanzos, sendo exemplo do gran número que se achega a coñecer o CIEC, e que só nesta área recibe miles de visitantes, moitos deles grazas á colaboración do Programa Educa das Mariñas Coruñesas e Terras do Mando. En cada visita comeza un descubrimento, curiosidade ou reencontro que deixa pegada nos que veñen e nos que estamos, convertíndonos en centro de referencia único en Galicia e en España.

A Fundación CIEC está presente sempre en feiras de arte gráfica apoiando a arte e as/os artistas. Así o fixo novamente en Alma Gráfica Oviedo VI, do 6 ao 11 de Outubro no Edificio Trascorrales da cidade, encontro entre artistas e público no que participaban ademais 18 estudantes e un mestre dos nosos talleres, compartindo conferencias e presentacións con artistas, coleccionistas e visitantes, e outorgando axudas á formación á artista Caterina De Nisco de Parma (Italia) e a Ainoa Riesco e Manuel Prendes do taller Ora Labora de Salamanca.

Ao mes seguinte foi a X edición do FIG Bilbao, á que acudiu cun stand presentando as obras gañadoras do Premio Jesús Núñez deste ano, a Colección e fotografías das actividades, participando tamén coma xurado do Open Portfolio, do Festival dos Cubos e da selección de artistas noveles para completar a formación nos talleres de Betanzos. Nestes certames as seleccións foron para Olaya Valdés de Oviedo, Javier Cruzado de Cartagena, Claudia Pastomas e Javier Galán de Valencia e Leticia Barbeito de Bos Aires.

Unha das iniciativas do FIG Bilbao, o Open Portfolio, serve de punto de encontro da obra gráfica emerxente actual, permitindo a artistas a mostrar as súas obras, interactuar co público e ofrecer traballos a presos asequibles, e este ano dou o salto a Bos Aires cunha experiencia de formación, networking e profesionalización na súa edición I en Agosto e contando con David Arteagoitia, Director do OpenPortfolio, Javier Martín Jiménez, responsable da área de arte do Conde Duque de Madrid e Pedro Galilea, Director desta Fundación. Deste encontro visitaron o FIG 14 artistas e mostraron os seus traballos como país invitado, seleccionando o CIEC a Mariana Gayoso e Agustín Begueri para desenvolver un proxecto creativo con nós.

O Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez da Deputación da Coruña, creado en recoñecemento do labor de Jesús Núñez e da Fundación CIEC en pos da arte máis contemporánea, e no que ésta colabora na organización, leva xa 17 anos de andadura, e dos 140 artistas que se presentaron nesta edición o Primeiro Premio foi para a obra “Ikatz/Harri II” de Myriam Gesalaga, da que o Xurado destacou “a adecuación entre o discurso e a técnica elixida para elaborar unha imaxe con moita potencia e á vez elegante e suxerente”, sendo os Accésits para “El mar recordó” de Fátima Conesa e “S/T Open letter” de Claudia Regueiro, e dúas Mencións de Honra para “ST” de Joan Polo e “Composizione Polifonia” de Miriana Pino. As seleccións foron a parar a Hé-





ctor Francesch, Sylvain Konyali, Jorge Labandeira Pastor, Sara Montaner, Elena Navarro, Irati Retolaza, Anna Trojanowska, Vinicius Libardoni, María José Miguel Villar, María Bravo, Elena Jiménez, Isabel Fuentes, Carmen Isasi, Salvador Haro, María Luisa Estrada, Carmen Dengra, Anyelmaidelin Calzadilla, Karol Pomykala, Alberto Pino, Fabiola Ubani, Giulia Bozzeti, Josué López García, Marina Luchetti MB, Lorenzo Davitti, Javier Abad Alonso e Saskia Rodríguez Araña, formando parte dun libro catálogo e unha mostra itinerante por varias cidades galegas que organizará a citada Deputación o ano que ven.

Xunto ás actividades programadas aínda xurxiron outras culturais paralelas, con concertos coma o do programa “Lenzos e partituras” da Asociación AIS no que o músico da OSG e Orpheon Ensemble Berthold Hamburger interpretou nos talleres fragmentos da primeira suite para violonchelo de Benjamin Britten, opus 72: canto primo, lamento e canto segundo, compartindo conversas con Jesús Núñez, alma matter da Fundación CIEC na compañía da actriz Chus Álvarez no mes de Febreiro. E tamén encontros, coa colaboración da Deputación da Coruña, acollendo na sede do CIEC dous dentro das Conversas de Mariñan de Literatura e Pensamento coordinadas por Roberto Abuín: o 21 de Xullo con Paula Domínguez, Judith Ruso e Alfonso Pexegueiro, e o 14 de Decembro, con María Marco e Abraham Pérez, acompañados do escritor Jesús Fraga.

Todas estas iniciativas non serían posible sin vós, estudantes, profesorado e artistas

que expoñedes e enchedes a diario os talleres e salas aprendendo e creando en pos da arte gráfica, e sen as e os visitantes que se achegan a coñecer, contemplar estampas ou comenar una paixón pola arte gráfica, ou a subvención a fundacións e convenio para o Premio Jesús Núñez da Deputación da Coruña, valedora do CIEC dende os seus comezos, ou o Convenio de Colaboración 2021 para a programación de verán do Concello de Betanzos que chegou este ano. E por suposto, e máis nestes tempos, grazas ás colaboracións puntuais do Consello Social da Universidade da Coruña, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Gadisa, Lugami, Asociación Cultural AIS, Alma Gráfica Oviedo ou FIG Bilbao, e tamén ao persoal e amigas/os da Fundación CIEC que seguen a facer posible con paixón a continuidade de todas as actividades programadas. Un ano máis poñendo en valor a arte gráfica que se fai dende Galicia, nun edificio coma é a Casa Núñez, a punto de cumprir cen anos. Vide e veredes.

*María Pena. Fundación CIEC
Rúa do Castro, 2 15.300 Betanzos
Tel. +34 981772964 www.fundacionciec.com*

CRUZ VERMELLA BETANZOS

En Cruz Roja Betanzos reunimos en esta memoria el trabajo llevado a cabo en este 2022 en sus principales áreas de trabajo, como salud, formación, participación, ocio y tiempo libre.

Como apoyo a otras Asambleas, ayuntamientos, asociaciones o instituciones realiza preventivos en eventos deportivos, sociales, culturales y/o festivos en A Coruña, Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Coirós, Oza-Cesuras y Sada, colaborando además con BTT Caimanes, CEIP Vales Millamarín, Club Ciclista Betanzos, Consorcio As Mariñas y Motoclub Betanzos, con máis de 50 salidas en las que participa voluntariado de todas las áreas de CRE, las más numerosas en los meses de verano, y entre las que destaca el reparto de pulseras de localización, llegando a 556 menores en la Feria Franca Medieval y San Roque.



Intervención Social es una de las áreas más amplias, abarcando mayores, búsquedas, niñas y jóvenes en dificultad, empleo, VIH-SIDA, inmigrantes, personas en prisión, drogodependencia, refugiadxs, mujeres en dificultad social y personas discapacitadas. Desde la oficina se asesora y acompaña en temas de retorno, reagrupación familiar, educación, recursos sanitarios o laborales. Así ocurrió con dos nuevos proyectos: “Crisis Ucrania” en el que participaron 4 familias y se impartieron clases de español y acompañamiento a gestiones, y también con los ciclos de charlas “Tardes con...” para informar y asesorar sobre farmacia, seguridad y socorrismo en Marzo, Abril y Noviembre.

El Proyecto de Teleasistencia Domiciliaria de seguimiento a lxs mayores trabajó con 96 usuarixs y 1.726 llamadas, 3.338 en la Comarca; se realizaron 26 acompañamientos a gestiones; 9 participaron en el programa “Promoción do Envelhecimento Saudable: Saúde Constante” y 21 en los Talleres de Memoria; 57 pasaron por el espacio EBAE de búsqueda de empleo; 12 necesitaron productos de apoyo como sillas de ruedas, andadores o camas articuladas; 266 en el proyecto Responde y 1.617 prestaciones de alimentos, productos de higiene y limpieza, material, escolar, ropa, calzado o ayudas económicas, y 20 ayudas urgentes de necesidades básicas a familias, junto al reparto de comida preparada a familias en colaboración con Eroski gracias a un convenio firmado el año pasado. Se repartieron además 9000 mascarillas en Enero y Junio y



15 kits de higiene escolar a 15 menores donados por Carolina Herrera, y se realizaron 3 talleres de digitalización para colectivos vulnerables en Marzo, Abril y Octubre.

En el área formativa se impartieron 3 cursos de manipulador de alimentos en Bergondo, Betanzos e Irixoa en Octubre y Noviembre.

Voluntariado y equipo técnico se forman y reciclan para participar y/o llevar a cabo nuevos proyectos, y así asistieron a Orientación ERBE en Betanzos; DESA, Desarrollo Local, Apoyo Psicológico, Técnicas instrumentales aplicadas o jornadas de presidentes y técnicos en A Coruña; Formación básica en ERBE en Cambre y Crisis Ucrania online.

CRUZ ROJA JUVENTUD. Es el referente del voluntariado en Cruz Roja para colectivos de su edad a través de acciones de carácter preventivo, educativo, participativo y de desarrollo educando en valores.

Uno de sus programas emblema es el Apoyo Escolar, con clases a 24 menores en dos turnos lunes, miércoles y jueves supervisando sus estudios y procurando una educación integral a través también de otras como Meriendas Saludables, actividades extraescolares como piscina y pintura o excursiones como al Acuario de A Coruña.

Y el otro es la Campaña de Juguetes, a través de la cual recoge regalos y juguetes para las y los más peques a la vez que conciencia a la población sobre las



situaciones de desigualdad social. Comerciantes y particulares se implican en Navidades para llegar a 97 niñas/os de Bergondo, Betanzos, Coirós, Curtis, Miño, Monfero y Paderne.

Cada Septiembre regresa el programa Vuelta al Cole Solidaria, repartiendo material escolar recogido en el Carrefour de Oleiros a 55 menores de Aranga, Betanzos, Curtis, Irixoa y Oza-Cesuras.

La formación del voluntariado permite impartir cursos y talleres de Salud como los de Primeros Auxilios en centros formativos como el CEIP San Marcos de Abegondo, el IES de Vios y de Curtis, CEIP de Oza dos Ríos y Centro Pai Meni de Betanzos; Sexualidad en Virxe da Cela de Monfero e IES de Vios; Prevención de Accidentes en el hogar y Educación Vial en el CEIP Oza dos Ríos y de A Castellana; Coeducación y educación no sexista en el CEIP Oza dos Ríos y A Castellana o día del voluntariado en el CEIP San Marcos de Abegondo, contando con centenares de participantes.

Además llevan a cabo estudios y trabajos como el de la Ideateca sobre Salud Mental que presentaron en la oficina central, y todavía más, como los juegos tradicionales en la Feria Medieval, la vuelta de las actividades del programa PINEO, o las actividades de sensibilización en redes sociales sobre alimentación, día internacional de la mujer o contra el acoso escolar o salud mental.

Otras campañas con las que el voluntariado salió a la calle fueron la V Caminata Nocturna con 686 participantes, sorteos del Oro y Navidad y también encuentros de voluntariado, participando en el provincial de Carballo en Julio o locales en



la gira a los Caneiros o en la asamblea. Todo esto no sería posible sin las colaboraciones, aportaciones, apoyos, donaciones, trabajo y voluntariado que desarrollan nuestros programas, sin las y los usuarias/os que nos precisan y sin la formación continua y creación de nuevos programas para cubrir nuevas necesidades. Todo junto nos hace equipo. Somos fuerzaV.

Cruz Roja Betanzos.

Linares Rivas, 1 Betanzos.

Tel 981771727 galbetanzos@cruzroja.gal

CÁRITAS PARROQUIAL DE BETANZOS

” 75 años de Amor por los demás”.

La presentación del 75 aniversario de Cáritas Española se hizo coincidir con el Día Mundial de la Justicia Social (20 de febrero de 2022), que busca apoyar la comunidad internacional encaminada a erradicar la pobreza y promover el pleno empleo y el trabajo decente, la igualdad entre sexos y el acceso al bienestar social y la justicia para todos. Algo por lo que desde hace 75 años viene trabajando Cáritas en numerosos frentes a través de las 70 Cáritas Diocesanas, entre las que se encuentra la de Santiago de Compostela, a la cual pertenece Cáritas Parroquial de Betanzos.

Estos 75 años son un camino de trabajo que se refleja en el lema escogido para esa efeméride: ” 75 años de Amor por los demás”.

En Cáritas, a través de diferentes programas y centros en todo el territorio diocesano, se acoge y acompaña a personas en situación de exclusión. En todas las actuaciones se ofrece y promueve una atención integral teniendo como centro la persona.

CUENTA DE RESULTADOS FINAL DEL AÑO 2022	
C) Fondos recibidos de Servicios Generales	0,00€
C.1) Fondos recibidos de SSGG destinados a ayudas de emergencia	0,00€
C.2) Fondos recibidos de Cáritas interparroquial	0,00€
C.3) Fondos recibidos del Fondo de la Comunidad Cristiana de Bienes SSGG	0,00€
D) Fondos entregados a Servicios Generales	
D.1) Fondos entregados a Servicios Generales en concepto de CCB	5.195,99€
D.2) Fondos entregados a Servicios Generales por otros conceptos	0,00€
D.3) Fondos entregados a Cáritas Interparroquial	0,00€
E) INGRESOS	29.172,02€
F) GASTOS	30.128,01€
RESULTADOS FINAL DEL AÑO 2022	-6.151,91€

DETALLE DE GASTOS E INGRESOS

E) INGRESOS	
E.1) SOCIOS	12.378,00€
E.2) DONATIVOS, HERENCIAS Y LEGADOS	4.787,10€
E.3) COLECTAS	3.710,95€
E.3.1) COLECTAS ORDINARIAS	3.306,42€
E.3.2) COLECTAS EXTRAORDINARIAS	344,54€
E.4) SUBVENCIONES	5.500,00€
E.4.1) SUBVENCIONES FONDOS PÚBLICOS	5.500,00€
E.4.2) SUBVENCIONES FONDOS PRIVADOS	0,00€
E.5) INGRESOS DE PROMOCIONES Y CUOTAS	2.402,00€
E.6) OTROS INGRESOS	394,03€
F) GASTOS	
F.1) AYUDAS PARA ALIMENTACIÓN	7654,48€
F.2) AYUDAS PARA ROPA Y CALZADO	29,00€
F.3) AYUDAS PARA SUMINISTRO ELECTRICIDAD	1.706,68€
F.4) AYUDAS PARA SUMINISTRO GAS/GASOIL	115,53€
F.5) AYUDAS PARA SUMINISTRO AGUA	468,41€
F.6) AYUDAS PARA REPARACIONES	0,00€
F.7) AYUDAS PARA PENSIÓN PERSONAS SIN HOGAR	963,00€
F.8) AYUDAS PARA ALQUILER	4.121,00€
F.9) AYUDAS PARA SALUD	378,00€
F.10) AYUDAS PARA EDUCACIÓN	86,30€
F.11) AYUDAS PARA TRANSPORTE	3.854,49€
F.12) OTRAS AYUDAS	1.088,38€
F.13) AYUDAS EN ESPECIE	64,44€
F.14) LUZ, AGUA, ELECTRICIDAD Y GAS DEL CENTRO	1.296,22€
F.15) TELÉFONO, FAX O CORREO DEL CENTRO	1.651,27€
F.16) MATERIAL DEL CENTRO 227,16€	
F.17) GASTOS DE PERSONAL 0,00€	
F.18) OTROS GASTOS 5.423,25€	

RESUMEN

INGRESOS AÑO 2022	29.172,09€
GASTOS AÑO 2022	-30.128,01€
TRANSFERENCIAS SSGG	-5.195,99€
RESULTADO FINAL	-6.151,91€

Nuestra aportación se centra en aspectos tan importantes como son la acogida, la integración en la sociedad, la sensibilización de la comunidad y la denuncia. Con estas líneas generales para nuestra acción acompañamos y acogemos a las personas y las familias en situación de pobreza que nos demandan ayudas de todo tipo. La atención primaria es un trabajo fundamental para el acompañamiento a las personas en situación de pobreza, exclusión y vulnerabilidad, con la que se busca la atención integral y la cobertura de las necesidades básicas. Para llevar a cabo estas actuaciones, las personas voluntarias constituyen el pilar básico e insustituible y son la realización del compromiso co-

munitario, fraterno y solidario con los últimos. El voluntariado promueve, soporta, potencia, posibilita, detecta, valora a la persona y dice sin palabras que se puede contar con él. Los voluntarios son mujeres y hombres que han sido llamados, como recordaba Benedicto XVI en la Encíclica *CARITAS IN VERITATE*, a “ser instrumentos de la gracia para difundir el amor de Dios”. D. Julián Barrio consideraba en la celebración de la XXXI de la Asamblea General de Cáritas Diocesana, que la institución “es el instrumento pastoral para promover el espíritu y la práctica de la caridad en la Iglesia Diocesana y en las comunidades más pequeñas: parroquias,

comunidades de base, grupos. Su objetivo es convertir la vida de la caridad en hecho comunitario, en un modo de vivir y expresar a la comunidad su compromiso de amor fraterno en sus múltiples maneras de manifestarse”.

Somos conscientes de que la labor que desarrollamos los equipos de Cáritas es imprescindible a la hora de obtener recursos económicos procedentes de los fondos públicos y privados que nos permiten un mejor funcionamiento.

Por ello, desde Cáritas animamos a las empresas a sumarse a este proyecto que persigue una dimensión solidaria y social. Creando redes de colaboración mutua conseguiremos que en nuestra sociedad crezca la justicia social, el respeto y la igualdad.

Desde CARITAS parroquial de Betanzos estamos atendiendo a más de 75 familias, siendo mayor el número de mujeres que acuden a nosotros, que el de hombres. Así mismo la edad de los atendidos está comprendida entre los 31 y 44 años. La mayoría acudió a los Servicios sociales municipales. De las familias atendidas, un 70% son migrantes, sobre todo colombianos, venezolanos o brasileños, la mayoría sin papeles, que no pueden acceder a ayudas de las administraciones, ni obtener un trabajo digno, lo que implica dificultades para afrontar las necesidades básicas.

En Betanzos actualmente conformamos un equipo de 21 voluntarios y el Párroco- Consiliario.. Nuestro compromiso es EL SERVICIO A LAS PERSONAS MÁS NECESITADAS, TENIENDO PRESENTE QUE LA PERSONA ES EL CENTRO DE LAS ACTUACIONES. El equipo directivo de Cáritas de Betanzos.

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA



Xoves 31 de marzo

No edificio Arquivo, celebrouse o acto de presentación dos poemarios Na república da intimidade, Coa luz negada e Sinais de Ricardo Seixo Fernández, acompañado do Colectivo Gosto de vivir a poesía que recitaron poemas do autor e o grupo de música tradicional Maraxe.

13 de abril

Realizouse unha ofrenda na entrada do Museo das Mariñas ás vítimas betanceiras da represión de 1936. De seguido proxectouse o documental A Illa de Chelo, dirixido por Odette Martínez-Maler e onde aparecen as vivencias da guerrilleira, Consuelo Rodríguez, na súa loita contra o franquismo e pola democracia.

16 de xuño

Presentouse no edificio Arquivo o poemario titulado “Kamikazes”, do poeta Lino García Salgado publicado pola editorial Medulia.



AGRUPACIÓN MUSICAL “CARLOS SEIJO”

Resumo de actividades ano 2022

a. Eleccións a presidencia e incorporación da nova directiva no mes de xaneiro baixo a presidencia de Mar Nieves Fernández.

b. Concerto do/as alumnos/as das clases para finalizar o curso 2021/2022 o 17 de xuño.

c. Concerto “Cidade de Betanzos” na Igrexa de Santiago o 14 de agosto.

d. Concerto para o GALP Golfo Ártabro Sur en Bergondo o 25 de novembro.

e. Concertina Residencia Hermanos García Naveira o 23 decembro.

Neste período é de destacar a baixa do director Carlos Caramés tras o concerto de xuño. Actualmente diríxenos Alfonso Delgado, o profesor das clases de instrumento e solfeo

ZONA HADAL.

Asociación Sociocultural

Ao longo deste primeiro ano como asociación sociocultural, Zona Hadal foi convidada a participar en diferentes espazos da Universidade da Coruña: na Facultade de Ciencias da Educación, no grao de Educación Social, acudimos ás aulas impartidas por Carmen Rodríguez para falar de memoria colectiva e educación non formais. Tamén fomos ás aulas impartidas por Laura Cruz, nas que compartimos experiencias arredor das cartografías e presentamos o deseño do proxecto Cru: memoria coruñesa sobre o Mar Exeo. Por último, participamos na Facultade de Socioloxía no IV Taller de Naturezas Híbridas. Los límites ecológicos de lo urbano compartindo mesa con Guadalupe Jiménez, a cargo do grupo de innovación docente ConCiencia Social. Con motivo do 200 aniversario do nacemento do xornalista e político revolucionario betanceiro Antolín Faraldo, desde Zona Hadal ideamos, impulsamos e realizamos o suplemento Antolín Faraldo 2022, subvencionado polo Concello de Betanzos.

A publicación foi destinada á veciñanza betanceira, chegando a 9.000 persoas ao mes a través do periódico gratuito distri-

buído pola Asociación de Empresarios e Comerciantes de Betanzos (ACEBE): Betanzos e a súa comarca.

A idea foi a de dar a coñecer e popularizar a figura de Faraldo na súa terra nai brigantina nun ano tan especial para a propia figura.

O suplemento consistiu en seis números (seis meses) dunha publicación de oito páxinas divididos en varias sección: artigos sobre o contexto de Faraldo; unha banda deseñada sobre a súa vida; entrevistas a distintas persoas do ámbito político, cultural e xornalístico; escritos do propio autor e sección informativas e promocionais de contidos, entidades e eventos culturais conectados sempre co persoeiro ou coa vila mariñá.

As peresoas colaboradoras no suplemento foron, en todos os números, xente nova e, na maioría dos casos, veciñas da comarca das Mariñas, coa intención de que se tratase, en todo momento, dun suplemento feito para e dende as xentes locais. Nesta mesma liña a impresión foi traballo da imprenta betanceira Lugami Artes Gráficas S.L.

LAR DE UNTA

21 de febrero de 2022

Obradoiro de filloas no local de Lar de Unta. Tradicional evento para ensinar a feitura deste postre tradicional.

22 de febrero de 2022

Cea de Entroido aberta a socios e acompañantes no local de Lar de Unta, enmarcada dentro da xeira de festas tradicionais da Asociación.

3 de marzo de 2022

Cineclub no local de Lar de Unta. Proxección do filme “A Virxe Roxa” e posterior coloquio co director Marcos Nine.

17 de marzo de 2022

Participación de tres membros da Asociación como xurado do concurso de relato curto de ACEBE.

31 de marzo de 2022

Cineclub no local de Lar de Unta. Proxección do filme “Ucraina en Chamas” de Oliver Stone, e posterior coloquio con Xosé Antón Pérez Lema.

21 de abril de 2022

Cineclube no local de Lar de Unta. Proxección do filme “Ocupación SA” sobre a temática do Sahara. Posterior coloquio con Dani Seixo.

30 de abril de 2022

Presentación do libro de Carlos Taibo “Rusia frente a Ucrania” na librería Biblos.

7 de maio de 2022

Viñofofk no local de Lar de Unta. Recuperación dunha adegas do país no local da Asociacióncos viños da adegas Pagos de Brigante e o grupo folk A Fuliada de Betanzos.

19 de maio de 2022

Proxección do filme “Decreto Filgueira” con posterior coloquio con Xosé María Monterroso Devesa no local de Lar de Unta.

21 de maio de 2022

Presentación na librería Biblos do libro de Moncho Bouzas “Argonautas”.

7 de xuño de 2022

Presentación na librería Biblos do libro “En tempo de desconto” de Xosé Ramón Pena.

23 de xuño de 2022

Lumeirada e churrascada popular aberta na Rúa da Pescadería.

26 de xuño de 2022

Xornadas Xoán Branco. Recuperación da figura do irmandiño medieval Xoan Branco. Roteiro pola zona vella de Betanzos.

27 de xuño de 2022

Xornadas Xoán Branco. Charla coloquio “O espírito revolucionario de Antolín Faraldo”, por Dani Seixo no edificio Arquivo.

28 de xuño de 2022

Xornadas Xoán Branco. Presentación na librería Biblos do libro “Un corvo en Caldaloba” con M. Xosé Lamas.

29 de xuño de 2022

Xornadas Xoán Branco. Recital de poesía colectivo adicado ao irmandiño Xoán Branco no edificio Arquivo.

30 de xuño de 2022

Xornadas Xoán Branco. Presentación do libro “Xoan Branco e a gran revolta irmandiña” co seu autor Fran Zabaleta na librería Biblos.

8-10 de xullo de 2022

Feira Franca Medieval. Apertura ao pú-

blico do local da Asociación.

17 de setembro de 2022

Colaboración con Fragas do Mandeo na Ecorregata de recollida de lixo nas marismas da ría.

7-9 de outubro de 2022

Cofeicer Galiza: Excursión a Ribadeo.

19 de outubro de 2022

Diálogos no lar. Conferencia de Tino Chao: “O Camiño Inglés de onte a hoxe” no local de Lar de Unta.

20 de outubro de 2022

Cineclub no local de Lar de Unta coa proxección do filme “Eucaliptus” e coloquio posterior con membros da plataforma Infesta non se queima.

22 de outubro de 2022

Saída micolóxica á busca de cogumelos por Aranga e Irixoa. Posterior xornada no local analizando os exemplares recollidos con Henrique Fernández Vázquez.

31 de outubro de 2022

III Concurso de relato curto Samain 2023. Sendo premiados Daniel Seixo na categoría de adultos e Alfonso Regueiro na de menores de 16 anos.

31 de outubro de 2022

Samain: obradoiro de cabazas do Samain tradicional no local de Lar de Unta.

31 de outubro de 2022

Samain: magosto no local de Lar de Unta aberto á cidadanía.

5 de novembro de 2022

Saída micolóxica á busca de cogumelos por Aranga e Irixoa. Posterior xornada no local sobre “A Cantarela” por Henrique Fernández Vázquez.

17 de novembro de 2022

Cineclube no local de Lar de Unta coa proxección do filme “Zoqueiros” con coloquio posterior con Elena Ferro.

20 de novembro de 2022

Encontro “Betanzos en Negro” para mostrar o apoio da Asociación a esta campaña.

26 de novembro de 2022

Diálogos no Lar. Conferencia de Antonio S. Río Vázquez no local de Lar de Unta: “O Instituto Laboral de Betanzos: Unha arquitectura desaparecida”. Posterior coloquio co autor e Eduardo José Fuentes Abeledo.

27 de novembro de 2022

Conferencia de Ángel Arcay: A figura de Carlos López García-Picos no seu 100 aniversario no local de Lar de Unta.

27 de novembro de 2022

Visita da Asociación ao Museo, das Mariñas, guiada polo seu director Angel Arcay.

11 de decembro de 2022

Xantar de Nadal da Asociación no local de Lar de Unta.

15 de decembro de 2022

Cineclub. Proxección do filme “Cine Tomé” con coloquio posterior con Camelia Iglesias e Xosé A. Arias.

29 de decembro de 2022

Ofrenda floral a Antolín Faraldo polo seu 200 aniversario na Praza Antolín Faraldo.

29 de decembro de 2022

Concerto de Nadal da Asociación no local de Lar de Unta co grupo “Os Gaiteirriños” de A Coruña.

MM RR LIAFAIL

A muller, e en concreto a muller rural, é unha garantía para o equilibrio territorial, ó mesmo tempo que o soporte esencial da diversificación das actividades económicas.

A muller rural desenrola a súa vida en varios aspectos ou ámbitos: como traballadora das labours do campo, como encargada da alimentación y cuidado da familia, como educadora, administradora, artesana, representante de comunidades, etc.

Desde a nosa asociación pretendemos cumprir o obxectivo de formar a estas mulleres á vez que ofrecerlles actividades de ocio, nunha situación de igualdade con respecto ás mulleres que no pertencen ó mundo rural, producíndose así unha continua confraternización entre ambas dúas.

Por todo isto facemos viaxes culturais, entre os cales solicitamos neste caso ó concello a axuda para poder facer a seguinte viaxe: (A Guardia, Caminha, Viana do Castelo y Ponte de Lima)

Ó longo do ano 2022 estamos a realizamos as seguintes actividades:

Artísticas e culturais:

Gimnasia de mantemento: lunes y miércoles de 18,15h a 19,15h

Manualidades: lunes de 18,30 a 20,30 h
Yoga: lunes y miércoles de 20,00h a 21,00 h
Bailes de salón: viernes de 20,00 h a 21,00 h
Ademáis, como tódolos anos, tamén participamos nas procesións de Semana Santa.

Excursión:

O 26 de marzo visitamos o pazo do Faraello en Rois.

Confraternidade:

Comida – Aniversario o 11 de Marzo

Comida fin de curso o 18 de Xuño.

Servicios Sociais:

En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar á xente máis desfavorecida do noso pobo.

VIAXE CULTURAL GALICIA-SUR DE PORTUGAL 2022

(La Guardia, Caminha, Viana do Castelo y Ponte de Lima) os días 14 e 15 de maio. 1º día Visita a Garda, pobo turístico e pescador, daremos unha volta polo porto e teremos a oportunidade de subir ao Ferry que nos levará ao pobo portugués de Caminha. 2º día visitaremos Ponte de Lima, villa señorial na idade media, a continuación visitaremos Viana do Castelo, unha das cidades máis bonitas do norte de Portugal.

*Asdo a Presidenta
Carmen Prieto Rivera*

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BETANZOS

Tras anos de adaptación a normalidade post pandemia da COVID, a Banda Municipal de Música de Betanzos, puido retomar as súas actividades anuais con regularidade.

Co esforzo e traballo dos músicos baixo a batuta do mestre Juan Ferrer Cerveró e coa colaboración da Asociación Amigos da Banda e o Concello de Betanzos, a Banda Municipal de Música de Betanzos realizou os seguintes concertos e actos:

4 de Xaneiro: Concerto de Nadal na Residencia García Hermanos.

10 de Abril: Concerto correspondente o V Ciclo de Música Sacra organizado pola Cofradía de Semana Santa de Betanzos.

15 de Abril: Procesión do Santo Enterro



e Os Caladiños, correspondentes os actos do Venres Santo da Semana Santa de Betanzos.

25 de Xuño: II Concerto de Verán no Canton Claudino Pita, adiado pola climatoloxía.

13 de Agosto: Concerto Cidade de Betanzos, no que participan tamén a Coral Polifónica de Betanzos e a rondalla Carlos Seijo Agrupación Musical de Pulso y Púa.

14, 15 e 16 de Agosto: Participación nos actos correspondentes as festas de San Roque, coroación da Raíña Maior e da Raíña Pequena, así como na procesión do 15 de Agosto na honra de Santa María e San Roque e na Función do Voto.

17 de Agosto: Participación dalgúns compoñentes da Banda nun concerto programado dentro das Festas de San Roque: Música no Claustro, que tivo lugar no Claustro do Museo das Mariñas. Outubro, neste mes a Banda Municipal desprazouse ata localidade asturiana de Arriendas para participar nun encontro coa coral de dita localidade.

3 de Decembro: CONCERTO DA ILUSIÓN, no que 8 novos membros pasaron a formar parte da Banda Municipal de Música de Betanzos.

30 de Decembro: Concerto Extraordinario de Nadal coa colaboración do Coro do Conservatorio Municipal “Carlos López García-Picos”.

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE DO CONCELLO DE BETANZOS **curso 2021-2022**

Dentro da Escola Municipal de Folclore (EMuF), desenvolveronse varias actividades durante o curso 2021-2022: grupos

de aprendizaxe de bailes tradicionais, gaita, percusión (bombo, tamboril, pandeiro, castañas...), pandeireiras-cantareiras e agrupacións instrumentais.

Dende o mes de outubro do 2021 ata o mes de xuño do 2022 impartíronse aulas todos os días da semana agás os martes e os domingos, para un total de 234 matrículas nas seguintes disciplinas:

Grupos de baile tradicional:

80 asistentes

Grupos de gaita:

38 asistentes

Grupos de percusión tradicional:

18 asistentes

Grupos de pandeiretas-cantareiras:

46 asistentes

Agrupación Instrumental Untia:

8 asistentes

Agrupación Instrumental EMuF:

34 asistentes

Agrupación Instrumental Azougue:

10 asistentes

Estas actividades docentes foron impartidas por 3 profesoras/es.

Ademais da actividade docente, e como mostra e estímulo para os seus sus membros, a EMuF durante o ano realizou actuacións e participou en diferentes certames, tanto como Escola, cos diferentes grupos correspondentes cas actividades que nela se desenvolven, como a través do Grupo Azougue. O resumo do feito nestes campos durante o curso, é o seguinte:

18 de decembro

Dentro do XXXIX Programa de festas de Nadal, a Escola Municipal de Folclore participou organizando un breve concerto de panxoliñas, no adro de Santo Domingo.

12 de marzo

VI Encontro de grupos tradicionais, organizado pola Escola de Música Sementeira de Cambre, onde participou o Grupo Azougue da EMuF xunto co grupo AMDT Queiroa de Sada e o grupo de instrumentos tradicionais de Cambre.

8 de abril

Actuación do grupo Azougue e grupos da Escola Municipal de Folclore (EMuF) na festa do barrio da Magdalena.

23 e 24 de abril

Viaxe do grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore, a Pobladura de Pelayo García en León, pola invitación recibida por parte do grupo Virgen de las Angustias, para participar no Festival Folclórico de “El Voto” e na súa tradicional procesión en horna da Virxe das Angustias.

24 de abril

Participación dun grupo de Pandereiteiras/os da EMuF no XX Concurso de Música Tradicional, organizado pola Asociación Xuvenil Xiradela de Arteixo. O alumnado recibiu o segundo premio na categoría A.

1 de maio

“Os Maíos en Betanzos”. Decoración dos arcos e ás 12:00 partindo do Centro Cultural San Francisco, tivo lugar o “Canto dos maíos” por conta de parte do alumnado da EMuF, no Cantón Claudino Pita e no adro de San Domingos.

8 de maio

IV Concurso de música Tradicional Soalleira en Sanxenxo, onde participou un grupo de pandereiteiras/os da EMuF.

21 de maio

VII Encontro de Escolas de Música Tradicionais.

Ca participación da Escola de Instrumentos Tradicionais Sementeira de Cambre e da EMuF, realizaron un pasarúas ás 12:00 e ás 12:30 a agrupación de participantes na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo. Organiza o Concello de Betanzos dentro do Programa do Día das Letras Galegas.

28 de maio

Actuación da Agrupación Instrumental Azougue nunha saída dun grupo que marchaba facer un tramo do Camiño de Santiago.

29 de maio

XXXI Concurso de Música da Asociación Cultural Xacarangandaina, no centro cultural Ágora na Coruña, ca participación da EMuF cun grupo de pandeireta de nenas e nenos.

5 de xuño

Participación da Escola Municipal de Folclore no XXXIX Día da Muiñeira de Carballo, onde se realizou un percorrido tradicional polas rúas de Carballo, ata chegar á Praza do Concello onde bailaron todos xuntos os grupos participantes e ademais un grupo da Escola realizou unha pequena actuación no escenario.

10 de xuño

Actuación da Escola Municipal de Folclore (EMuF), no CEIP Francisco Vales Villamarín con motivo do Día das Letras Galegas.

11 de xuño

Serán 03. III Encontro Galego de Cultura Popular. Baile e música tradicional: pandereiteiras. Tivo lugar entre os días 10 ao 12 de xuño na Cidade da Cultura de Santiago. A EMuF participou na foliada infantil o sábado ás 12:30h.

12 de xuño

Día da muiñeira de Arteixo. Organiza a A.X.Xiradela na súa 34ª edición.

Diferentes grupos participaron no día da muiñeira bailando e a Agrupación Instrumental Azougue, tocou en conxunto ca agrupación instrumental de Xiradela.

18 de xuño

Clausura do curso, das actividades realizadas pola EMuF do curso 2021/2022, na Aula de Cultura Xulio Cuns del Edificio Arquivo ás 11:30 h. Neste acto fíxose unha pequena mostra de algunhas das cousas que aprendeu o alumnado durante o curso.

19 de xuño

Actuación do grupo Azougue, dentro da igrexa de San Domingos, ca Danza de Xastres, con motivo dos actos do Corpus en Betanzos.

8, 9 e 10 de xullo

Actuación do Grupo Azougue e de grupos da EMuF, na XXIII Feria Franca Me-

dieval de Betanzos.

Convidouse ao Conxunto Artístico Alborada del Centro Gallego de Mar del Plata (Argentina) a participar na Feira Medieval.

23 de xullo

“XXVI Festival folclórico Día de Galicia”, que organiza o Concello de Betanzos a través da EMuF na Praza García Ir máns, ca participación do Grupo de danza y paloteo “Virgen de las Angustias”, de Pobladura de Pelayo García (León) e a escola betanceira.

8 de agosto

Gravación dun programa sobre as danzas gremiais de Betanzos nun programa da Televisión de Galicia.

4, 15 e 16 de agosto

A EMuF participou das Festas Patronais de Betanzos. Fixéronse pasarrúas onde acompañaron á corporación municipal na coroación da Raiña e na Función do Voto. Participaron na Procesión de Santa María e bailaron na Praza da Constitución o día

de San Roque, as catro danzas gremiais, dúas delas por parte da EMuF.

21 de agosto

Bailamos as Danzas Gremiais na Praza da Constitución no lugar do día de San Roque, porque choveu. A Danza de Xastres e a Danza de Zapateiros foron interpretadas por parte da EMuF e a Danza de Mariñeiros e a Danza de Labradores por Xóvenes do Pobo.

24 de agosto

Actuación do Grupo Azougue en San Martiño de Tiobre, na Romaría de San Paio.

2 de setembro

Na Praza de Fernán Pérez de Andrade, tivo lugar o acto institucional de homenaxe a Antolín Faraldo dentro dos actos programados polo bicentenario do seu nacemento, organizado polo Concello de Betanzos.

A EMuF é un organismo público que segue a apostar pola cultura e a tradición e deixar pegada na historia de Betanzos.

